



**ACTA NÚM. 9 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
QUE TIVO LUGAR O DÍA 25 DE XUÑO DE 2020.
(CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:00 horas** do día **25 de xuño de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez (presente no salón de sesións)
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias (presente no salón de sesións)
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez (presente no salón de sesións)
Dona Branca Petra Novo Rey
Don Rafael Peña Vidal
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.



D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións extraordinaria e ordinaria dos días 14 e 28 de maio, e extraordinaria do día 13 de xuño, todas deste ano 2020.**
- 2. Aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos da sesión.**
- 3. Ratificación de inclusión do punto número 4 na orde do día, para ser tratado na sesión.**
- 4. Proposta da alcaldía de aprobación de adhesión do Concello de Santiago de Compostela á “RED DE ENTIDADES LOCALES PARA LA AGENDA 2030”, impulsada pola FEMP.**
- 5. Proposición do grupo municipal do BNG para crear un servizo municipal de asesoramento, orientación laboral e apoio LGBTI.**
- 6. Proposición do grupo municipal de CA para a peonalización da Praza de Mazarelos.**
- 7. Proposición do grupo municipal do Partido Popular para transparentar, obxectivar e racionalizar a contratación pública.**
- 8. Proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre a creación de prazas de aparcamento exprés gratuíto na zona hora.**
- 9. Dar conta da elevación á aprobación definitiva das ordenanzas fiscais número 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público e 3.24 da taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local.**
- 10. Dar conta do estado de execución do orzamento correspondente ao primeiro trimestre do presente ano.**



11. Dar conta de acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2020 (sentenzas e resolucións xudiciais).

12. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

13. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

- Do grupo municipal de CA, de data de 15 de xuño de 2020, núm. 167.
- Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xuño de 2020, núm. 176.
- Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xuño de 2020, núm. 177.
- Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 184.
- Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 185.
- Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 186.

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 181.
- Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 182.
- Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 183.
- Do grupo municipal de CA, de data 16 de xuño de 2020, núm. 187.
- Do grupo municipal de CA, de data 16 de xuño de 2020, núm. 188.
- Do grupo municipal de CA, de data 16 de xuño de 2020, núm. 189.
- Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xuño de 2020, núm. 190.

Preguntas resposta escrita:

- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 26 de maio de 2020, núm. 151.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 3 de xuño de 2020, núm. 158.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 3 de xuño de 2020, núm. 159.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 4 de xuño de 2020, núm. 160.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 4 de xuño de 2020, núm. 161.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 4 de xuño de 2020, núm. 162.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 5 de xuño de 2020, núm. 163.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 9 de xuño de 2020, núm. 164.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 9 de xuño de 2020, núm. 165.
- Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xuño de 2020, núm. 175.

Interpelacións:

- Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xuño de 2020, núm. 174.
- Do grupo municipal de CA, de data 16 de xuño de 2020, núm. 191.

14. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

- 1. Rexistro de entrada do día 15 de xuño de 2020, núm. 168, presentada polo grupo municipal de CA, para iniciar o comezo da planificación das artes de rúa durante as próximas festas do Apóstolo.



2. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 172, presentada polo grupo municipal do BNG, para pór en marcha un programa integral de actividades e de conciliación.
3. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 173, presentada polo grupo municipal do BNG, para cambiar o nome da Avda. Juan Carlos I.
4. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 178, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, en apoio da competitividade e futuro dos empregos de Alcoa.
5. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 179, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio a unha iniciativa lexislativa para combater a ocupación ilegal de vivendas.
6. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 180, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o acondicionamento e mellora da área recreativa do refuxio e o seu acceso na ribeira do Tambre.

Antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día gárdase un minuto de silencio polas vítimas do covid-19.

Seguidamente teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Roberto Almuíña Díaz, como persoa interesada en relación á proposición do grupo municipal de CA relativa a peonalización da Praza de Mazarelos.

Don Ricardo Méndez Castro, en representación do Comité de empresa de URBASER, en relación a unha pregunta oral formulada polo BNG, sobre a situación laboral do persoal da devandita empresa.

A continuación procédese á votación conxunta, para a súa inclusión por urxencia para ser tratados na presente sesión, e o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda incluír os seguintes asuntos:

- **Proposta da concelleira delegada de economía e facenda de aprobación do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario co número 2020-CREXT-06 de importe 181.138,23 euros e de suplemento de crédito co número 2020-SUPLE-02 de importe 880,95 euros, financiado con baixas por anulación.**
- **Proposta da concelleira delegada de economía e facenda de aprobación de suplemento de crédito e en consecuencia modificación da base 33 das bases de execución do orzamento xeral do concello para este ano.**
- **Moción de urxencia presentada polo grupo municipal do Partido Popular, a prol do respecto polos sentimentos e crenzas relixiosas, con motivo do ataque sufrido pola capela USC.**
- **Declaración institucional con motivo do día internacional do orgullo LGTBI.**



As dúas primeiras urxencias pasan a ser tratadas como puntos números 5 e 6 e a declaración institucional como punto núm. 8 da orde do día. A moción de urxencia será tratada en substitución da moción que foi retirada polo Partido Popular con rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 178, en apoio da competitividade e futuro dos empregos de Alcoa.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIA E ORDINARIA DOS DÍAS 14 E 28 DE MAIO, E EXTRAORDINARIA DO DÍA 13 DE XUÑO, TODAS DESTE AÑO 2020.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba as actas correspondentes as sesións extraordinaria e ordinaria dos días 14 e 28 de maio, e extraordinaria do día 13 de xuño, todas deste ano 2020.

2. APROBACIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN NOMINAL PARA A ADOPCIÓN DOS ACORDOS DA SESIÓN.

Os asistentes á sesión acordan por unanimidade a aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos que conforman a orde do día.

3. RATIFICACIÓN DE INCLUSIÓN DO PUNTO NÚMERO 4 NA ORDE DO DÍA, PARA SER TRATADO NA SESIÓN.

Os asistentes a sesión acordan por unanimidade a ratificación de inclusión do punto número 4 a tratar na orde do día.

4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Á “RED DE ENTIDADES LOCALES PARA LA AGENDA 2030”, IMPULSADA POLA FEMP.

O informe-proposta de data 17 de xuño do corrente ano, emitido polo centro xestor 34 de promoción económica dependente da alcaldía e que trae o conforme do señor alcalde, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES:

1. As Axendas Urbanas 2030 e os obxectivos de Desenvolvemento Sostibles (ODS). A Axenda Rubana Europea e a A Axenda Urbana Española

En 2015, a ONU aprobou a Axenda 2030 sobre o Desenvolvemento Sostible, unha oportunidade para que os países e as súas sociedades emprendan un novo camiño co que mellorar a vida de todos e todas, sen deixar a ninguén atrás.

A Axenda conta con 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), que inclúen desde a eliminación da pobreza ata o combate ao cambio climático, a educación, a



igualdade da muller, a defensa do medio ambiente ou o deseño das nosas cidades. Respecto de estas, o ODS 11 persegue cidades máis sostibles, inclusivas, seguras e resilientes.

Os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible son os seguintes:

1. **Fin da Pobreza:** Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo.
2. **Fame cero:** Poñer fin á fame, lograr a seguridade alimentaria e mellorar a nutrición e promover a agricultura sostible.
3. **Saúde e benestar:** Garantir unha vida saudable e promover o benestar para todos en todas as idades.
4. **Educación de calidade:** Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos.
5. **Igualdade de xénero:** Lograr a igualdade entre os xéneros e o empoderamento de todas as mulleres e nenas.
6. **Auga limpa e saneamento:** Garantir a dispoñibilidade de auga e a súa ordenación sostible e o saneamento para todos.
7. **Enerxía asequible e non contaminante:** Garantir o acceso a unha enerxía asequible, segura, sostible e moderna para todos.
8. **Traballo decente e crecemento económico:** Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos.
9. **Industria, innovación e infraestruturas:** Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sostible e fomentar a innovación.
10. **Redución das desigualdades:** Reducir a desigualdade entre os países.
11. **Cidades e comunidades sostibles:** Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles.
12. **Produción e consumo responsables:** Garantir modalidades de consumo e produción sostibles.
13. **Acción polo clima:** Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos (tomando nota dos acordos celebrados no foro da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático).



14. Vida Submarina: Conservar e utilizar en forma sostible os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible.

15. Vida e ecosistemas terrestres: Protexer, restablecer e promover o uso sostible dos ecosistemas terrestres, efectuar unha ordenación sostible dos bosques, loitar contra a desertificación, deter e revertir a degradación das terras e poñer freo á perda da diversidade biolóxica.

16. Paz, xustiza e institucións sólidas: Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sostible, facilitar o acceso á xustiza para todos e crear institucións eficaces, responsables e inclusivas a todos os niveis.

17. Alizanzas para lograr os obxectivos: Fortalecer os medios de execución e revitalizar a alianza mundial para o desenvolvemento sostible.

Os ODS definen como principios irrenunciabes a universalidade, a integralidade e a interdependencia de todos os ámbitos e, en especial, fan fincapé en que nese futuro a construír non se deixe a ninguén atrás.

Malia o seu alcance mundial e da súa aplicación universal, teñen en conta as diferentes realidades, capacidades e niveis de desenvolvemento de cada país e respectan as súas políticas e prioridades nacionais.

A formulación da Axenda 2030 inspírase no enfoque do desenvolvemento territorial. Aínda que non existe unha definición única achega do que debe entenderse por Desenvolvemento Territorial, pódese definir como un modelo de desenvolvemento “desde abaixo” que impulsa a participación de diferentes actores locais para a construción dunha visión integrada do territorio que permita o despregue de actividades produtivas e de emprego de calidade en cada ámbito local, sen deixar de prestar importancia aos aspectos sociais, institucionais e culturais

Trala adopción da Axenda 2030, a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible a nivel local (localización) é un dos grandes retos que se suscitan, xa que a nova axenda debe aplicarse a todos os territorios, converterse nunha realidade para todas as persoas e non deixar a ninguén atrás.

Para a localización dos ODS, son imprescindibles os gobernos locais, xa que todos teñen metas directa ou indirectamente relacionadas co traballo diario destas entidades, que poden converterse en catalizadoras do cambio ao ser as mellor situadas para vincular os obxectivos globais coas comunidades locais.

Con esta visión, a CGLU (Cidades e Gobernos Locais Unidos) e o Global Taskforce, reúnen en Nova York o 27 de setembro de 2015 para celebrar a Axenda 2030 e reclamar o seu papel para contribuír ao éxito da mesma.



Así mesmo, establecen as súas conviccións e compromisos sobre como implementar a axenda a nivel local:

- Pondo énfase en que a subsistencia estea garantida en todos os territorios.
- Creando institucións con capacidade de planificación, eficaces, responsables e transparentes.
- Tomando decisións inclusivas, participativas e representativas a todos os niveis. - Mobilizando aos grupos de interese local e alentando á cidadanía para que se implique nas decisións que afectan ao seu futuro.
- Propiciando unha distribución máis xusta dos recursos e unha mellor orientación da axuda oficial ao desenvolvemento.
- Permitindo ás persoas vivir como desexen e ser o que elixan.
- Fomentando a responsabilidade de toda a cidadanía cara aos bens comúns.
- Xerando confianza entre as persoas e os gobernos a través dun diálogo que conduza á tolerancia, a comprensión e a paz sostible.
- Procurando a creación de sociedades baseadas na diversidade cultural, a solidariedade, a igualdade, a responsabilidade e a sostibilidade.
- Creando a conciencia de que os territorios onde se vive non existen de forma illada, senón que están influenciados por fenómenos globais, que vinculan o seu destino e deben ancorarse de forma local.
- Innovando, aprendendo uns territorios doutros e establecendo procesos de seguimento e revisión da Axenda.
- Animando a todos os gobernos nacionais, institucións internacionais, sector académico e socios de desenvolvemento a *promover novas cooperación entre os líderes políticos e a sociedade civil para incluír en tómaa de decisións.

Pódese afirmar, pois, que a Axenda 2030 é un compromiso global que sería imposible de alcanzar sen a acción local, xa que é nos municipios onde teñen lugar os intercambios, as formas de vida e a convivencia, as transformacións urbanas, as relacións co medio ambiente, cos recursos naturais, cos medios de produción...

A Terceira Conferencia de Nacións Unidas sobre Vivenda e Desenvolvemento Urbano Sostible —Hábitat III— tivo como principal obxectivo identificar os novos desafíos e fortalecer o compromiso político global, para alcanzar un desenvolvemento urbano sostible, mediante a aprobación dunha «**Nova Axenda Urbana**», que define os parámetros das cidades do século XXI. Trátase dun documento estratéxico, de adhesión voluntaria, que presenta a urbanización como un instrumento poderoso para lograr o desenvolvemento sostible, tanto nos países en desenvolvemento como nos países desenvolvidos, entre os que se atopa España.

O Pacto de Ámsterdam, aprobado na Reunión Informal de Ministros de Desenvolvemento Urbano da UE, celebrada o 30 de maio de 2016, materializa a largamente esperada **Axenda Urbana da UE**. Esta suscítase desde unha perspectiva claramente operativa, orientada cara a 3 obxectivos concretos: mellóraa da regulación comunitaria, en especial a daquela que ten un impacto directo sobre as áreas urbanas, a



procura dun deseño máis efectivo e dunha xestión máis sinxela dos instrumentos de financiamento da UE e, finalmente a promoción do intercambio de coñecemento.

A Axenda Urbana Española (AUE) é un **documento estratéxico, sen carácter normativo**, e xa que logo de adhesión voluntaria, que, de conformidade cos criterios establecidos pola Axenda 2030, a nova Axenda Urbana das Nacións Unidas e a Axenda Urbana para a Unión Europea persegue o logro da sostibilidade nas políticas de desenvolvemento urbano. Constitúe, ademais, **un método de traballo e un proceso** para todos os actores, públicos e privados, que interveñen nas cidades e que buscan un desenvolvemento equitativo, xusto e sostible desde os seus distintos campos de actuación.

Tras un intenso traballo de elaboración e un **amplo proceso participativo** que durou case un ano, esta estratexia de desenvolvemento urbano de carácter integrado ofrece un **Decálogo de Obxectivos Estratéxicos** que despregan, á súa vez, un total **30 obxectivos específicos**, e **291 liñas de actuación**, poñendo a disposición de quen estean interesados na súa implementación, un verdadeiro “**menú á carta**” para que poidan elaborar os seus propios Plans de acción. Todo iso desde unha ampla visión que inclúe a todos **os pobos e cidades** con independencia do seu tamaño e poboación, e baixo o triplo prisma da sostibilidade económica, social e medio ambiental.

A Axenda Urbana española contén:

- Unha diagnose da realidade urbana e rural que vai do modelo urbano á poboación e o territorio, pasando pola economía e a sociedade, o medio ambiente, o cambio climático e a enerxía, a mobilidade, a vivenda e os instrumentos de intervención.
- Un marco estratéxico estruturado nun Decálogo de Obxectivos que despregan, á súa vez, un total 30 obxectivos específicos, coas súas posibles liñas de actuación.
- Un sistema de indicadores que permitirá realizar a avaliación e seguimento do cumprimento dos obxectivos.
- Unhas fichas que ilustran como poderán elaborarse os plans de acción para a implementación da AUE
- Un Plan de Acción para a Administración Xeral do Estado con propostas concretas desde o ámbito das competencias estatais.

2. A Rede de Entidades Locia para desenvolver os ODS da Axenda 2030 impulsada pola FEMP:

A Axenda 2030 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 25 de setembro de 2015, converteuse na axenda internacional máis ambiciosa da humanidade. Por primeira vez, unha estratexia destas



dimensións asúmese desde unha perspectiva holística: social, cultural, económica e medio ambiental.

A FEMP foi incluída polo Goberno no Plan de Acción de España para a implementación da Axenda 2030, como institución palanca no impulso da Axenda poñendo en valor o papel de liderado que veu exercendo nos últimos anos.

O pasado 21 de setembro de 2019, no XII Pleno da FEMP, renovouse e reforzou politicamente o liderado e compromiso de aterrar os ODS nas cidades e territorios de abaixo arriba, a través da Declaración específica en favor da Axenda 2030 e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A Xunta de Goberno da FEMP aprobou o 26 de novembro de 2019 a creación da Rede de Entidades Locais para desenvolver os ODS da Axenda 2030.

A Rede constituirase cos Gobernos Locais que se comprometan a implementar os ODS da Axenda 2030 de forma transversal nas políticas públicas municipais.

O seu principal obxectivo será favorecer a coordinación de actuacións entre os Gobernos Locais permitindo alcanzar mellores resultados na implementación da Axenda 2030 nos municipios e provincias, a través da localización e desenvolvemento dos ODS no ámbito local.

A Rede será o instrumento que ofrecerá ferramentas aos Gobernos Locais para que alcancen os seus obxectivos, de acordo coa implementación da Axenda 2030 en España. E, ademais, ofrecerá aos Gobernos Locais pautas, información e propostas de actuación para facer fronte á crise provocada polo COVID-19, tendo moi presente unha das principais premisas da Axenda 2030: non deixar a ningún atrás.

Obxectivos da Rede:

- Promover o coñecemento, sensibilización e implantación dos ODS da Axenda 2030 nas entidades locais españolas, mediante o fortalecemento institucional e a implicación dos diferentes actores locais.
- Fortalecer e lexitimar o papel estratéxico que xogan as autoridades locais no desenvolvemento da Axenda 2030 en España de cara a conseguir a mellor incidencia política, promovendo o traballo en rede e a procura de alianzas que impulsen políticas de cohesión a nivel local e unha adecuada articulación multinivel (central, autonómica e local) e multiactor para a construción e implementación da Axenda 2030 a nivel local.
- Actuar como foro de intercambio e experiencias entre os Gobernos Locais que integran a Rede.



- Ofrecer servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros, formación de técnicos e a mutua cooperación entre as autoridades das Entidades Locais na localización dos ODS da Axenda 2030 en España.
- Traballar cos Gobernos Locais liñas de actuación concretas trala crise provocada polo COVID-19 para dar unha resposta no territorio aliñada coa Axenda 2030.

3. Os procesos de planificación estratéxica no Concello de Santiago

O Concello de Santiago se ven non ten unha traxectoria continua de planificación estratéxica ao logo da súa historia máis recente ten realizado notables esforzos na elaboración e implementación de proxectos coma o Plan Estratéxico do ano 2004, a Axenda 21, o proxecto Urbana Santiago Norte e de xeito máis recente a Estratexia de Desenvolvemento Urbano, Sostible e Integrada (EDUSI) ReVive Santiago.

Estas iniciativas de marcado carácter transversal vense reforzadas cos distintos plans sectoriais realizados dende os diferentes departamentos e áreas municipais, con presenza de persoal técnico formado e sensibilizado na importancia da planificación estratéxica o que ten xerados programas de actividades e servizos na institución municipal aliñados en valores e principios de traballo aos plantexados pola Axenda Urbana Europea, a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e a Axenda 2030 de España.

Os programas e experiencias nos distintos departamentos na posta en marcha de proxectos ao servizo das distintas planificacións, e a existencia de traballos previos na xestión de fondos europeos en case todas as áreas municipais, sumado á necesidade de cooperación interdepartamental e de simplificación de procedementos para suplir os déficit de persoal, crean un relato compartido que pode servir de base para a construción a través da creación dunha Axenda Urbana para Santiago de Compostela dun traballo conxunto que ao tempo que unifica e integra criterios e visións pode contribuír notablemente á simplificación de tarefas no ámbito da institución municipal.

Unha visión integrada tamén simplificaría o esforzo de participación na dinámica municipal que lle é esixido a moitos colectivos e institucións do Concello o cal redundaría nunha simplificación da participación e en avances no sistema de gobernanza. Facilitaríase así a participación no proceso de planificación do desenvolvemento da área socioeconómica de Compostela a institucións como asociacións profesionais e empresariais, e incluso asociacións de veciñanza e outros colectivos con ampla participación na actualidade nos foros sectoriais, consellos, plans específicos, encontros e mesas técnicas que se organizan dende o ámbito municipal.

Ao mesmo tempo dispor dunha estratexia clara e participada como a Axenda Urbana 2030 facilitaría os esforzos de comunicación interna e externa da mesma, e permitiría aos axentes do territorio aliñar os seus obxectivos e inquiredanzas en torno aos ODS aprobados pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas tanto.



Ademais da EDUSI ReVive Compostela o Concello de Santiago ten realizado con posterioridade, en paralelo e con posterioridade distintos traballos sectoriais de ordenación de carácter estratéxico, entendendo que dito carácter estratéxico se da coa concorrencia dos seguintes factores:

Vocación de ordenación do documento.

Inclusión dun apartado de diagnose.

Inclusión dun apartado de definición de retos e/ou obxectivos a acadar.

Plurianulidade do plan de acción contemplado no documento ou a desenvolver en base ao documento.

Participación na elaboración do mesmo de institucións de carácter representativo do sector en cuestión e/ou da cidadanía.

En base a estes criterios, podemos identificar como parte do esforzo de planificación do Concello de Santiago entre outros os seguintes documentos:

Plan de Igualdade 2017-2020

Estratexia de Emprego e Plan de Emprego de Santiago de Compostela 2015-2020

Plan Estratéxico do comercio do Concello de Santiago de Compostela de febreiro de 2017.

Plan Estratéxico do Turismo de Santiago 2017-2022

Plan de Mobilidade Urbana Sostible (Acción incluída na EDUSI) e Pacto Local pola Mobilidade.

Plan Estratéxico de Administración electrónica, transparencia e bo goberno 2017-2020

Plan de Acción para as enerxías sostibles (PAES) de Santiago de Compostela, decembro de 2016, aplicación Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía

Estratexia Verde para Santiago de Compostela.

Plan de Xestión da Cidade Histórica.

Acordo para a reindustrialización de Compostela, xaneiro 2016.

Tamén se consideran nesta análise os proxectos URBACT Tropa Verde, o proxecto Smarter Together, solucións intelixentes e inclusivas para mellorar a vida nos distritos urbanos, que é un dos proxectos europeos financiados polos fondos Horizon 2020 e o proxecto Smartiagio, Compra Publica Intelixente financiado polo FEDER vía convenio co Ministerio de Economía e vía convenio coa Axencia Galega de Innovación

A análise desta documentación pon de manifesto a similitude dos obxectivos neles plantexados cos ODS marcados pola Axenda 2030 das Nacións Unidas.

Tamén podemos tirar outras conclusións interesantes da análise realizada:

-A necesidade de integración de toda a documentación propia da que dispón o Concello de Santiago ou cando menos a incorporación da mesma como documentación



complementaria ao proxecto ReVive Compostela, incorporación que ata o momento non se ten producido.

- A análise da documentación en termos de obxectivos tamén pon de manifesto a necesidade de iniciar un proceso de actualización e integración de obxectivos seguindo a metodoloxía proposta pola Axenda Urbana 2030 de España.

- Tamén existen obxectivos que poden resultar contraditorios na súa definición entre os distintos plans sectoriais, consecuencia da non aplicación na súa elaboración da perspectiva integrada que guía a elaboración da EDUSI.

- É necesario un proceso que permita integrar aspectos tan relevantes como educación, emprendemento, industria, innovación, modelo enerxético, dixitalización, cultura ou territorios cunha perspectiva integrada.

A actual situación socioeconómica derivada da Crise do COVID-19 fai aínda máis urxente esta necesidade de harmonización e planificación, así como a implementación de sistemas de seguimento e avaliación unificados na implementación de políticas municipais que permitan unha asignación eficiente e dinámica dos recursos persoais e orzamentarios nun entorno cambiante onde as consecuencias dos procesos de globalización ten requirido unha intensa acción dende o ámbito local para a asistencia a familias e empresas afectadas polo COVID-19.

4. A traxectoria do programa “Compostela Móvese”

O programa Compostela Móvese integra continuando coa liña aberta no ano 2015 e en anos anteriores baixo o nome Santiago Investors Support ou Compostela Activa todas as accións da Oficina de Promoción Económica relacionadas co apoio a cultura emprendedora e á creación de novas empresas. A Oficina de Promoción Económica leva apoiando a creación de empresas e o autoemprego a través de programas de formación, dinamización da actividade económica, encontro comercial e axudas dende a súa creación no ano 2004, existindo ademais esta liña de traballo e actividade con anterioridade a esa data no marco das accións da extinta Axencia de Desenvolvemento Local.

A Oficina de Promoción Económica leva apoiando a posta en marcha de procesos de planificación estratéxica dende a súa creación no ano 2004, existindo ademais esta liña de traballo e actividade con anterioridade a esa data no marco das accións da extinta Axencia de Desenvolvemento Local.

Dende a súa creación esta oficina ten participado nos traballos de elaboración do Plan Estratéxico de Santiago de Compostela, na Axenda 21, nos proxectos Urbana Santiago Norte e EDUSI Revive Santiago; participando ademais na elaboración de moita, cando non instando directamente a súa elaboración, da documentación de planificación estratéxica sectorial relacionada neste informe.

Segundo o establecido no artigo 3 puntos a) e b) da Lei 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Li 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local non se entenderá como



exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; polo tanto a continuidade desta liña de traballo no ámbito da planificación do desenvolvemento territorial que implica a posta en funcionamento da Axenda Urbana 2030 en Santiago de Compostela non poden ser consideradas exercicio de novas competencias.

A aportación propia precisa para a execución das actividades de participación nesta REDE e Entidades Locais para Desenvolver os ODS da Axenda 2030 impulsada pola Federación Española de Municipio e Provincias realizárase con fondos propios do Concello de Santiago de Compostela non comprometendo a sustentabilidade financeira do Concello de Santiago e non supoñendo ademais unha reiteración ou duplicidade sobre as actividades realizadas pola Xunta de Galicia en materia de promoción dos ODS, organismo co que a raíz da adhesión do Concello de Santiago ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía se traballa de xeito coordinado.

A falta dunha lei que determine o camiño a seguir con estas competencias que non poden considerarse no actual marco legal, propias, delegadas nin de novo exercicio consideramos que ao non comprometer a sustentabilidade financeira do Concello e ao non supoñer reiteración ou duplicidade sobre accións da Xunta de Galicia debería dársele continuidade a esta acción.

5. Misión e obxectivos do programa “Compostela Móvese 2020 COVID19” aprobado en Xunta de Goberno de 20 de abril de 2020 e a súa relación cos obxectivos da Axenda 2030.

Este programa de dinamización económica ten como principal obxectivo apoiar un modelo de desenvolvemento económico local endógeno, cooperativo e asentado na identidade e na historia do territorio no que se produce. Buscamos asentarmos os procesos de mellora empresarial e emprendemento nos valores diferenciais do tecido socioeconómico do concello contribuíndo con cada iniciativa a conquistar os obxectivos deseñados e dar cumprimento aos obxectivos enumerados a continuación:

OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA COMPOSTELA MÓVESE:

a. Impulsar un modelo económico para a Gran Compostela que tire proveito das fortalezas da cidade:-capitalidade, proxección internacional, Universidade, cultura e patrimonio e cumpla os criterios de sustentabilidade do territorio.

- Apoiar a actividade económica que o turismo xera en Santiago de Compostela; un destino turístico que se apoia nas seguintes fortalezas: Camiño de Santiago, Cidade Patrimonio da Humanidade, Universidade de prestixio con máis de cinco séculos de historia, unha gastronomía de calidade cun gran sector de restauración, unha ampla oferta cultural moi superior á correspondente a unha cidade de 100.000 habitantes, unha importante mostra de arquitectura contemporánea, un punto central para coñecer Galicia e unha ampla oferta de servizos destinados ao sector congresual



- Alterar a visión dunha economía baseada en polígonos industriais noutra máis sostible e integradora, descentralizada, onde os novos emprendedores e as empresas de servizos en xeral vivan e convivan no tecido urbano.
- Limitar a creación de solo industrial ligándoa á demanda real, impedindo a especulación construtiva e sobre o solo. Centrar a promoción do desenvolvemento industrial en Compostela nos sectores da Biotecnoloxía e Ciencias da Saúde e transformación da madeira.
- Outorgar máis peso no modelo económico aos sectores produtivos, recuperando aqueles do ámbito primario e manufactureiro que hoxe corren o perigo de desaparecer e valorizando a súa importancia e capacidade de contribuír ao desenvolvemento da economía de proximidade no municipio.
- Manter a estreita colaboración aberto coa Universidade de Santiago de Compostela, un dos elementos definidores da cidade e motor de coñecemento. Continuar apoiando o I+D+i, as empresas tecnolóxicas e as spin-off universitarias; con especial atención a aqueles proxectos socioeconómicos que contribúen ao desenvolvemento e aplicación dos principios e obxectivos da economía circular marcados pola Comisión Europea.
- Explorar e impulsar os novos nichos de emprego, en especial nos sectores creativos, que son os que teñen actualmente maior capacidade de dinamizar a cidade e aumentar o seu atractivo residencial e comercial.
- Impulsar a Economía Social como fórmula de emprendemento e valorizar o tecido empresarial que xa optou por esta fórmula empresarial favorecendo o seu coñecemento e recoñecemento no municipio.
- Impulsar a economía do rural.
- Fomento do consumo responsable e economía colaborativa no consumo

b. Impulsar medidas de reactivación económica a corto, medio e longo prazo nun espazo de concertación cos axentes económicos da cidade, que permita aos mesmos afrontar con información fiable e medidas útiles de consenso a crise económica derivada da emerxencia sanitaria provocada polo COVID19 e as sucesivas crises da mesma índole que poidan acontecer nun futuro.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Promoción dos seguintes sectores económicos como estratéxicos para o desenvolvemento Económico no Concello de Santiago de Compostela

- Biotecnoloxía e ciencias da saúde. A Universidade é eficaz na creación de spin-offs mais é preciso incrementar a súa relevancia axudando desde o Concello a constituír un sistema empresarial arredor destes núcleos de especialización, abranguendo a medicina, a biotecnoloxía, a acuicultura, os nanomateriais, etc.
- Transformación da madeira. Compostela ten unha oportunidade de primeiro nivel no aproveitamento da magnífica infraestrutura industrial para a bordar a segunda transformación da madeira, vinculándoa ao sector da rehabilitación.



- Deseño de moda. Compostela ten un gran número de microempresarios/as no eido do deseño téxtil e de complementos. Facilitar recursos públicos para a transición desde o obradoiro doméstico á empresa.

- Economía social, terceiro sector. Apoio á creación de cooperativas e empresas de economía social, e de entidades que fomenten a cooperación e a colaboración, e que presten un beneficio social. Impulso aos proxectos de moeda social. Apoio ás iniciativas de traballo colaborativo. Creación dun banco de intercambio de medios e servizos empresariais, para favorecer o aproveitamento compartido de bens de equipo e servizos asociados aos mesmos entre o tecido empresarial da cidade.

- Industrias vinculadas ao turismo, destacando dous ámbitos estratéxicos, que aportan un alto valor engadido e son un motor xerador de emprego: o turismo gastronómico e o turismo de congresos.

- Industrias culturais e creativas. Compostela tamén é capital na cultura. Conta cunha elevada tradición, infraestrutura e recursos humanos cualificados, cuxa relevancia en termos de xeración e fixación de emprego é fundamental no novo rexurdir da cidade, definíndoa como a primeira urbe de Galicia para o lecer, mellorando a nosa calidade de vida e aumentando o seu atractivo.

2. Mellorar a competitividade do tecido empresarial xa implantado para xerar emprego de calidade. Atendendo ás necesidades e apoiando a competitividade da industria da cidade alí onde o concello teña competencia (facilitar o acceso aos recursos, organización de foros sectoriais, actuar de intermediario na transferencia de coñecemento entre industria e Universidade, etc.) Dando cumprimento coa continuidade desta labor aos obxectivos recollidos no “Acordo para a reindustrialización de Compostela”

3. Vincular os centros de formación profesional da cidade á industria, realizando cursos ponte que permitan adaptar os coñecementos de ciclos xenéricos ás necesidades específicas do tecido empresarial da cidade.

4. Xerar un entorno favorable para emprender e "coopetir": Fomentando formación adaptada á realidade das persoas emprendedoras e creando soportes ((infraestruturas, formación, información, actividades, etc.) para a creación de proxectos colectivos e cooperativos que fagan as empresas máis competitivas ("coopetición").

5. Valorizar o comercio minorista como factor de calidade urbana: Incorporar as medidas relativas á mellora empresarial e emprendemento comercial recollidas polo Plan Estratéxico de Comercio 2017/2021. Impulsar políticas de revitalización comercial que garantan a presenza de establecementos comerciais no conxunto do Concello e con eles a calidade urbana asociada aos mesmos. Retomar a cultura do comercio de barrio e primeira necesidade como vía de emprendemento e colaboración entre a veciñanza. Suxerir iniciativas comerciais innovadoras e alternativas para o comercio tradicional, a través de proxectos colectivos. Creación de sinerxías con outras áreas ou sectores. Coordinación das campañas de dinamización comercial coas campañas turísticas, culturais e de festividades da cidade.

6. A economía do rural: Impulsar e fortalecer a economía no rural aproveitando a proximidade á cidade. Fomentando a creación e fortalecemento de empresas de identidade e base rural. Fomento da existencia e coñecemento de mercados de proximidade para a venda de produto hortofrutícola da comarca. Fomento da creación de produtos turísticos no rural. Fomento do cooperativismo (en modelos formais e informais) no rural. Fomento do asentamento de empresas de servizos no rural.

7. Consumo responsable e economía colaborativa no consumo: A evolución da economía nos últimos anos tamén nos ten achegado novas reflexións, ferramentas e inquiredanzas. A economía é oferta, pero tamén é demanda, é consumo responsable. As iniciativas sobre economía colaborativa que tamén xurdiron nos últimos anos, supoñen modelos de consumo e colaboración que merece a pena explorar, dadas as experiencias desenvolvidas en Santiago. Creación dunha liña de traballo de formación e información sobre consumo responsable impulsando a creación de escolas de consumidores e grupos de consumo, coa finalidade de establecer políticas de consumo responsable km0 con produtores de Santiago e comarca. Diseñar un programa informativo e formativo sobre técnicas alternativas de financiamento (crowdfunding, sistemas de banca ética, etc.)

A estes obxectivos tradicionais do programa Compostela Móvese dende a súa creación compre, dadas as especiais circunstancias económicas derivadas da crise sanitaria do COVID 2019 sumar catro factores importantes á hora de tomar medidas para o ámbito económico ante a crise do COVID19 a nivel local:

a. Necesidade como axente económico local do Concello de Santiago de non contraer gasto, e se é posible expandilo :

i. Para aqueles programas de accións que non se poden executar nestes meses, como é o caso de parte das accións previstas no programa “Compostela Móvese 2020” reprogramáanse na medida do posibles para outras datas, **evitando cancelar actividades é comunicando a entidades colaboradoras e empresas proveedoras esta reprogramación** para que inclúan nas súas planificacións económicas esas fontes de ingresos.

ii. Importante na medida do posible **expandir o gasto** naquelas partidas que sexa posible, **sempre priorizando as partidas que beneficien directamente aos colectivos máis afectados:** familias, autónomos e empresas locais .

iii. Buscar **actividades que gasten con criterio local** empregando provedores locais sempre que sexa posible e intentando diversificar o gasto.

b. Urxente necesidade de informar dos recursos públicos mobilizados aos axentes económicos do Concello de Santiago:

i. A través da **web do CERSIA Empresa** e do seus perfís en redes sociais, estase compilando nun espazo único toda a información oficial que vai saíndo sobre medidas económicas: axudas e convocatorias, medidas de restrición da actividade económica e restricións ao transporte.

ii. O teléfono na oficina mantense activo, ao igual que o correo electrónico para consultas.

iii. Proponse nesta reprogramación reforzar o traballo informativo e de atención a consultas que outros axentes fan como a Cámara de Comercio e tamén a inmediata creación dun programa de apoio na elaboración de Plans de Reactivación Económica para autónomos e PEMES a través de consultores/as especializados.

c. Necesidade de adoptar políticas de reactivación económica de consenso que mobilicen recursos propios e xeren confianza na recuperación entre os axentes económicos

i. Proponse a creación dun espazo de concertación de políticas e seguimento das mesmas con un **liderado económico externo** á organización municipal, que partindo das entidades integrantes do Pacto pola Reindustrialización de Compostela aporte fortaleza e consenso ao deseño de políticas municipais de reactivación económica, contribuíndo a xerar confianza entre os axentes. Neste espazo analizarase o impacto socioeconómico da crise sanitaria do COVID19 e debatiranse e aprobaranse as medidas de Reactivación Económica de medio e longo prazo buscando o consenso e a incorporación ao debate dos principais axentes socioeconómicos da área de Compostela.

ii. Revisión e ampliación das iniciativas pre-existentes sempre baixo as seguintes premisas:

1. Priorizar aos colectivos máis desfavorecidos: por exemplo empregando indicadores de renda para priorizar a asignación de axudas a autónomos e PEMES

2. Priorizando na execución de actividades propias a activación da actividade económica local sempre que sexa posible.

3. Dándolle continuidade aos programas de carácter estratéxico a medio e longo prazo potenciando accións de amplo consenso e gobernanza probada como as incluídas no Pacto pola reindustrialización de Compostela.

d. Necesidade de construír espazos de reflexión e aprendizaxe : para compartir o aprendido en base á identificación de boas prácticas na xestión económica e social desta crise por parte de empresas e institucións da cidade.

Os obxectivos marcados neste programa se ben non son suficientes para a consecución da implantación dunha Axenda 2030 no Concello de Santiago poden considerarse xunto



co acervo documental e de experiencias un punto de partida para o impulso da mesma na organización municipal e no territorio.

II CONSIDERACIÓNS:

1. A Lei 5/2014 do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local; establece no seu artigo 3.3 b) que non se considerará como exercicio de novas competencias a continuidade das actividades xa establecidas en exercicios anteriores, caso no que enmarca a presente liña de actividades.

O programa Compostela Móvese integra continuando coa liña aberta en anos anteriores baixo o nome Santiago Investors Support (lanzado no ano 2011), Compostela Activa (lanzado no ano 2001) ou Rede de Cooperación Local (lanzado no ano 2005) todas as accións da Oficina de Promoción Económica relacionadas co apoio a cultura emprendedora, á creación de novas empresas, á mellora da competitividade empresarial e á dinamización socioeconómica do municipio.

A Oficina de Promoción Económica leva apoiando a posta en marcha de procesos de planificación estratéxica dende a súa creación no ano 2004, existindo ademáis esta liña de traballo e actividade con anterioridade a esa data no marco das accións da extinta Axencia de Desenvolvemento Local.

Dende a súa creación esta oficina ten participado nos traballos de elaboración do Plan Estratéxico de Santiago de Compostela, na Axenda 21, nos proxectos Urbana Santiago Norte e EDUSI Revive Santiago; participando ademáis na elaboración de moita, cando non instando directamente a súa elaboración, da documentación de planificación estratéxica sectorial relacionada neste informe.

Segundo o establecido no artigo 3 puntos a) e b) da Lei 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigos da Li 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; polo tanto a continuidade desta liña de traballo no ámbito da planificación do desenvolvemento territorial que implica a posta en funcionamento da Axenda Urbana 2030 en Santiago de Compostela non poden ser consideradas exercicio de novas competencias.

2º.- Unha vez se acorde polo Pleno corrixir o erro material descrito no punto anterior, na proposta presentada quérese aumentar a consignación inicialmente prevista como importe máximo anual de 9.000,00 euros a 29.166,00 euros.

Neste caso concreto, o expediente que se presenta a aprobación pretende suplementar o crédito nunha contía de 20.166,00 euros na aplicación orzamentaria de capítulo 4 que reflicte o crédito inicial do orzamento 2020 -010 43100 4890000- para atender as subvencións nominativas recollidas na base 33.2 das BEO de 2020 do centro xestor de Comercio, co obxecto de aumentar á entidade beneficiaria "FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL" co NIF de beneficiario "G15926496", de importe concedido máximo inicial de 9.000,00 euros e co obxecto "Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local do ensanche compostelán" a un novo importe máximo anual de 29.166,00 euros para este mesmo exercicio.

Como recurso que financia este suplemento de crédito, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de suplemento de crédito finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente de importe 20.166,00 euros, no orzamento do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria de actividades de comercio - 010 43100 2269900 - para o cal se ten feita unha operación contable RC co número de operación 220200009777 e número de referencia 22020004017, e segundo se establece no propio

informe proposta esta minoración non producirá deterioro no resto dos servizos que se están a prestar no propio departamento.

Analizada a memoria xustificativa proposta polo centro xestor de Comercio (CX 31) e que dá soporte á solicitude de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2020-SUPLE-03, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación dos novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -suplemento de crédito financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O suplemento de crédito financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar –baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -nas que se dota o crédito no capítulo 4 de gasto e nas que se declara a baixa no capítulo 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

O detalle da modificación orzamentaria proposta é o seguinte:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN								
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Aumento do importe da subvención nominativa concedida á entidade "Fundación Santiago Centro Área Comercial"	010	43100	4890000	9.000,00	20.166,00	29.166,00	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010.43100 2269900.	010	43100	2269900	113.168,00	20.166,00	93.002,00

O cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación de beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

"Entidade beneficiaria"	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL	G15926496	29.166,00	010-43100-4890000	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local do ensanche compostelán"

Esta proposta de modificación orzamentaria, modalidade suplemento de crédito, que afecta de novo, no relativo ao novo importe a consignar á entidade beneficiaria, á modificación da base 33.2, está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor a modificación da base 33.2 das BEO 2020 proposta no apartado 1º.

No que atinxe ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL. Igual acontece coa parte da proposta de acordo relativo ao suplemento de crédito.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

3º.- Na mesma proposta presentada desde Comercio, xustifícase a necesidade de establecer para a mesma finalidade que a subvención nominativa anterior -Programa aparcadoiro para facilitar as compras-, unha subvención nominativa para tódalas asociacións de comerciantes da cidade -CCA Compostela Monumental, CCA Comercio Punto Compostela, Em Rede e CCA Santiago Centro-.

Neste caso concreto, o expediente que se presenta a aprobación é un crédito extraordinario nunha contía total de 70.832,00 euros en tres novas aplicacións orzamentarias de capítulo 4 que se crean ao efecto no orzamento 2020 -010 43100 4890001; 010 43100 4890002; 010 43100 4890003- para atender tres novas subvencións nominativas que se deben crear na base 33.2 das BEO de 2020 do centro xestor de Comercio, co seguinte detalle:

“Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CENTRO COMERCIAL ABERTO COMPOSTELA MONUMENTAL	G15382468	29.166,00	010-43100-4890001	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local da zona monumental compostelán
ASOCIACIÓN EM-REDE. REDE DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE SANTIAGO E COMARCA	G70213830	5.000,00	010-43100-4890002	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local compostelán
ASOCIACIÓN PUNTO COMPOSTELA CCA	G70571971	36.666,00	010-43100-4890003	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local compostelán"

Como recurso que financia crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.



c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente no orzamento do exercicio 2020 de importe total 70.832,00 euros en dúas aplicacións orzamentarias: minoración de 43.832,00 euros na aplicación de actividades de comercio - 010 43100 2269900 - para o cal se ten feita unha operación contable RC co número de operación 220200009776 e número de referencia 22020004016; e minoración de 27.000,00 euros na aplicación de actividades de protocolo -010 43200 2269900- para o cal se ten feita unha operación contable RC co número de operación 220200009776 e número de referencia 22020004015, e segundo se establece no propio informe proposta estas minoracións non producirán deterioro no resto dos servizos que se están a prestar no propio departamento e no centro xestor protocolo.

Analizada a memoria xustificativa proposta polo centro xestor de Comercio (CX 31) e que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-07, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación dos novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas –nas que se dota o crédito no capítulo 4 de gasto e nas que se declara a baixa no capítulo 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

O detalle da modificación orzamentaria proposta é o seguinte:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN								
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Subvención nominativa concedida á entidade "Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental"	010	43100	4890001	0,00	29.166,00	29.166,00	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43200 2269900	010	43200	2269900	260.000,00	27.000,00	233.000,00
Subvención nominativa concedida á entidade "Asociación Em-Rede. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca"	010	43100	4890002	0,00	5.000,00	5.000,00		Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2269900	010	43100	2269900	157.000,00	43.832,00	113.168,00
Subvención nominativa concedida á entidade "Asociación Punto Compostela CCA"	010	43100	4890002	0,00	36.666,00	36.666,00								

O cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación de beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir os seguintes novos beneficiarios, finalidades e importes seguintes:

"Entidade beneficiaria"	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CENTRO COMERCIAL ABERTO COMPOSTELA MONUMENTAL	G15382468	29.166,00	010-43100-4890001	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local da zona monumental compostelán
ASOCIACIÓN EM-REDE. REDE DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE SANTIAGO E COMARCA	G70213830	5.000,00	010-43100-4890002	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local compostelán
ASOCIACIÓN PUNTO COMPOSTELA CCA	G70571971	36.666,00	010-43100-4890003	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local compostelán"

Esta proposta de modificación orzamentaria, modalidade de crédito extraordinario, que afecta á modificación da base 33.2, está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor a modificación da base 33.2 das BEO 2020 proposta.

No que atinxe ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL. Igual acontece coa parte da proposta de acordo relativo ao suplemento de crédito e o crédito extraordinario.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesado poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

IV. PROPOSTA



De conformidade co antedito proponse que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, en relación á seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 20120 relativo á relación de subvencións nominativas no sentido de corrixir o erro material no NIF da entidade beneficiaria “FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL” sendo NIF do beneficiario corrixido “G15926496”.

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito co número 2020-SUPLE-03 con base ao contido do recollido no apartado 2 do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto total de **VINTE MIL CENTO SESENTA E SEIS EUROS (20.166,00 euros)**, co obxecto de incrementar o importe máximo da subvención nominativa concedida a favor da entidade beneficiaria “FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL” co NIF de beneficiario “G15926496” e obxecto “Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local do ensanche compostelán”, financiado con baixas por anulación.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Aumento do importe da subvención nominativa concedida á entidade "Fundación Santiago Centro Área Comercial"	010	43100	4890000	9.000,00	20.166,00	29.166,00

B) Financiamento:

DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2269900	010	43100	2269900	113.168,00	20.166,00	93.002,00

Baixas por anulación: **20.166,00 euros**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	
2.- Total suplemento de crédito	20.166,00 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	20.166,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

Terceiro.- Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de aumentar en 20.166,00 euros o importe máximo da subvención nominativa recollida a favor entidade beneficiaria “FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL” co NIF de beneficiario “G15926496”, de importe concedido máximo inicial de 9.000,00 euros e co obxecto “Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local do ensanche compostelán” a un novo importe máximo anual de 29.166,00 euros para este mesmo exercicio.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

“Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL	G15926496	29.166,00	010-43100-4890000	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local do ensanche compostelán”

Esta proposta de modificación da base 33.2, está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor a modificación de crédito proposta no apartado segundo.

Cuarto.- Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-06 con base ao contido do recollido no apartado 3 do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto total de **SETENTA MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS (70.832,00 euros)**, co obxecto de habilitar crédito para a concesión de tres novas subvencións nominativas de comercio coa finalidade ampliar a tódalas asociacións de comerciantes da cidade o programa de aparcadoiro para facilitar as compras no comercio local da cidade, financiado con baixas por anulación.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Subvención nominativa concedida á entidade "Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental"	010	43100	4890001	0,00	29.166,00	29.166,00
Subvención nominativa concedida á entidade "Asociación Em-Rede. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca"	010	43100	4890002	0,00	5.000,00	5.000,00
Subvención nominativa concedida á entidade "Asociación Punto Compostela CCA"	010	43100	4890002	0,00	36.666,00	36.666,00

B) Financiamento:

DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43200 2269900	010	43200	2269900	260.000,00	27.000,00	233.000,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2269900	010	43100	2269900	157.000,00	43.832,00	113.168,00

Baixas por anulación: **70.832,00 euros**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	70.832,00 €
2.- Total suplemento de crédito	- €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	70.832,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

Quinto.- Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de incorporar tres novas subvencións nominativas de comercio para tres novas asociacións de comerciantes no marco do “Programa aparcadoiro”.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións

nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir os seguinte beneficiarios, cos seguintes importes e obxectos:

"Entidade beneficiaria"	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CENTRO COMERCIAL ABERTO COMPOSTELA MONUMENTAL	G15382468	29.166,00	010-43100-4890001	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local da zona monumental compostelán
ASOCIACIÓN EM-REDE. REDE DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE SANTIAGO E COMARCA	G70213830	5.000,00	010-43100-4890002	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local compostelán
ASOCIACIÓN PUNTO COMPOSTELA CCA	G70571971	36.666,00	010-43100-4890003	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local compostelán"

Esta proposta de modificación da base 33.2, está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor a modificación de crédito proposta no apartado cuarto.

Sexto.- Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Sétimo.- Estes acordos de modificación das bases de execución, de suplemento de crédito 2020-SUPLE-03 e de crédito extraordinario 2020-CREXT-07 entenderase definitivamente aprobados se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións."

Á vista do informe proposta transcrito, o acordo da Xunta de Goberno e o ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas, ambos do día 25 de xuño do corrente ano, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación, por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobado a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 20120 relativo á relación de subvencións nominativas no sentido de corrixir o erro material no NIF da entidade beneficiaria "FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL" sendo NIF do beneficiario corrixido "G15926496".

Segundo.- Aprobado inicialmente o expediente de suplemento de crédito co número 2020-SUPLE-03 con base ao contido do recollido no apartado 2 do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto total de VINTE MIL CENTO SESENTA E SEIS EUROS (20.166,00 euros), co obxecto de incrementar o importe máximo da

subvención nominativa concedida a favor da entidade beneficiaria “FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL” co NIF de beneficiario “G15926496” e obxecto “Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local do ensanche compostelán”, financiado con baixas por anulación.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

DESCRCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Aumento do importe da subvención nominativa concedida á entidade "Fundación Santiago Centro Área Comercial"	010	43100	4890000	9.000,00	20.166,00	29.166,00

B) Financiamento:

DESCRCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2269900	010	43100	2269900	113.168,00	20.166,00	93.002,00

Baixas por anulación: **20.166,00 euros**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	
2.- Total suplemento de crédito	20.166,00 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	20.166,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

Terceiro.- Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de aumentar en 20.166,00 euros o importe máximo da subvención nominativa recollida a favor entidade beneficiaria “FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL” co NIF de beneficiario “G15926496”, de importe concedido máximo inicial de 9.000,00 euros e co obxecto “Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local do ensanche compostelán” a un novo importe máximo anual de 29.166,00 euros para este mesmo exercicio.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

"Entidade beneficiaria"	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL	G15926496	29.166,00	010-43100- 4890000	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local do ensanche compostelán"

Esta proposta de modificación da base 33.2, está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor a modificación de crédito proposta no apartado segundo.

Cuarto.- Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-06 con base ao contido do recollido no apartado 3 do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto total de SETENTA MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS (70.832,00 euros), co obxecto de habilitar crédito para a concesión de tres novas subvencións nominativas de comercio coa finalidade ampliar a tódalas asociacións de comerciantes da cidade o programa de aparcadoiro para facilitar as compras no comercio local da cidade, financiado con baixas por anulación.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DESCRCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Subvención nominativa concedida á entidade "Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental"	010	43100	4890001	0,00	29.166,00	29.166,00
Subvención nominativa concedida á entidade "Asociación Em-Rede. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca"	010	43100	4890002	0,00	5.000,00	5.000,00
Subvención nominativa concedida á entidade "Asociación Punto Compostela CCA"	010	43100	4890002	0,00	36.666,00	36.666,00

B) Financiamento:

DESCRCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43200 2269900	010	43200	2269900	260.000,00	27.000,00	233.000,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2269900	010	43100	2269900	157.000,00	43.832,00	113.168,00

Baixas por anulación: **70.832,00 euros**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	70.832,00 €
2.- Total suplemento de crédito	- €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	70.832,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

Quinto.- Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de incorporar tres novas subvencións nominativas de comercio para tres novas asociacións de comerciantes no marco do “Programa aparcadoiro”.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir os seguinte beneficiarios, cos seguintes importes e obxectos:

“Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CENTRO COMERCIAL ABERTO COMPOSTELA MONUMENTAL	G15382468	29.166,00	010-43100-4890001	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local da zona monumental compostelán
ASOCIACIÓN EM-REDE. REDE DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE SANTIAGO E COMARCA	G70213830	5.000,00	010-43100-4890002	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local compostelán
ASOCIACIÓN PUNTO COMPOSTELA CCA	G70571971	36.666,00	010-43100-4890003	Programa aparcadoiro para facilitar as compras e dirixido ao conxunto do comercio local compostelán"

Esta proposta de modificación da base 33.2, está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor a modificación de crédito proposto no apartado cuarto.

Sexto.- Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Sétimo.- Estes acordos de modificación das bases de execución, de suplemento de crédito 2020-SUPLE-03 e de crédito extraordinario 2020-CREXT-07 entenderase definitivamente aprobados se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.



7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CREAR UN SERVIZO MUNICIPAL DE ASESORAMENTO, ORIENTACIÓN LABORAL E APOIO LGBTI.

A proposición presentada con data 15 de xuño do corrente ano e número de rexistro 166, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á creación dun servizo municipal de asesoramento, orientación laboral e apoio LGBTI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As redes sociais permiten manter, en certa medida, espazos de debate e divulgación sobre a tesitura actual do colectivo LGTBI; porén, as limitacións de aforo dos espazos públicos repercuten nunha maior dificultade para que o impacto das mencionadas actividades sexa efectivo na cidade e na veciñanza. Neste sentido, o público que segue os encontros *on line* é un público interesado na materia e pechado, xeralmente, en grupos aos que xa chega a mensaxe da diversidade. A isto cabería sumar que unha parte da veciñanza conta con dificultades para o uso das novas tecnoloxías da comunicación ou directamente non ten interese nas propostas elaboradas dende as diferentes institucións.

Máis aló diso, a covid-19 resultou ser un fenómeno que monopolizou a axenda e con iso desprazou outras realidades que *per se* xa estaban agochadas antes da crise, como son a cuestión trans e as identidades non binarias. O aumento da vixilancia por parte dos corpos e forzas de seguridade do Estado, a paralización dos procesos de tramitación de mudanzas na documentación (algo que vén de denunciar a Valedora do Pobo) e a imposibilidade de procurar sustento por parte dun colectivo que, segundo os seus propio datos, entrou na pandemia cun 80% de desemprego resultan cuestións que fan máis precisa, se cabe, a súa visibilidade nesta era pospandemia.

Con todo, e tendo en conta as limitacións que implica a desescalada, é posíbel desenvolver desde o Concello de Santiago algunhas actividades a curto e medio prazo que teñan a posibilidade de efectuar un maior impacto na cidadanía compostelá, compatíbel co resto de actividades *on line* e presenciais programadas. Referímonos a actividades de divulgación relativas á diversidade sexual e de xénero aplicadas á situación actual de pandemia.

Tamén é necesaria a creación dun servizo de asesoramento e apoio LGTBI na cidade que debería contar, cando menos, cunha traballadora social, cunha avogada e cunha formadora e asesora. As funcións deste centro especializado centraranse na capacidade para tramitar axudas sociais para o colectivo en coordinación coas asociacións e na elaboración dun plan de actuación que analice o impacto da crise da covid-19 na poboación LGTBI en Compostela e que actúe como “vía rápida” para contactar,



comprobar estado e necesidades, ofrecer información das convocatorias de axudas e coordinar con servizos sociais e de saúde, con especial atención á poboación LGTBI inmigrante.

Este centro de asesoramento ofrecerá tamén os labores correspondentes a un Servizo municipal de orientación laboral, cunha bolsa de traballo local e promoción nas empresas da cidade e das distintas medidas da Xunta para o fomento da contratación de persoas trans (como subvencións á contratación e exencións fiscais). De xeito que poida actuar de mediador entre as empresas e a poboación trans, ademais de estudar se é posible aplicar incentivos municipais para esta contratación para favorecer a inserción laboral.

Outra das súas funcións será a creación dun Observatorio municipal contra as violencias lgtbifóbicas, en coordinación con asociacións e policía local, xunto cun instrumento para denunciar e contabilizar casos de agresións.

Neste centro poderase coordinar un proxecto de investigación profesional sobre a memoria LGTBI da cidade, en que participen as asociacións, para o rescate de figuras referentes, de acontecementos clave e da historia do movemento na cidade, coa súa utilización posterior para artellar lugares de memoria.

Tamén ofrecerá formación específica á Policía local e ao persoal administrativo municipal sobre a situación de persoas trans. Nestes momentos, este colectivo manifesta dificultades por mor da covid para mudar a documentación e sobre como proceder neste caso.

En canto á conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGBTI, o 28 de xuño, pódese realizar un roteiro sobre a “Compostela LGTBI” en diversas convocatorias para grupos reducidos e coas correspondentes medidas de seguridade, cunha modalidade en aplicación para *smartphone* e sinalización con paneis das diferentes paradas da ruta mediante serigrafía coa explicación do acontecemento que expoñen. De consolidarse, isto pode ter bo impacto na veciñanza e no turismo, na imaxe de Compostela como cidade diversa.

Para divulgar as realidades LGTBI, proponse unha campaña municipal sobre diversidade sexual e de xénero con deseño de láminas e colocación de paneis que desmonten algúns dos tópicos máis estendidos sobre o colectivo, á vez que proporcionen información. En paralelo, pódese optar pola decoración de mobiliario urbano coas cores do arco da vella nesta data.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN



Para alén das actividades para conmemorar o 28 de xuño, o Concello de Santiago creará un servizo municipal de asesoramento, orientación laboral e apoio LGBTI.”

Rematado o debate, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda para alén das actividades para conmemorar o 28 de xuño, o Concello de Santiago creará un servizo municipal de asesoramento, orientación laboral e apoio LGBTI.

8. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBIA.

A declaración institucional asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG), é aprobada por unanimidade, ten o seguinte contido:

“O 28 de xuño conmemórase cada ano o Día Internacional do Orgullo LGTBIA, e que en esencia sinala o respecto á dignidade de todas as persoas, a normalización das distintas orientacións sexuais, dos diferentes xéneros ou dos corpos con sexualidades non normativas.

Tal e como amosan nas súas reivindicacións as organizacións LGTBIA de Galicia, a situación derivada da pandemia tivo un impacto destacado neste colectivo, especialmente para a poboación trans que veu acrecentado o risco de exclusión social co que xa contaba antes da COVID-19. En consecuencia, e malia que as precisas medidas de seguridade non permitan encher rúas e prazas como de costume, faise máis preciso que nunca recalcar os compromisos das institucións democráticas por unha sociedade onde prime a igualdade de dereitos, a dignidade e o respecto para todas as persoas LGTBIA.

O Orgullo deste ano 2020 diríxese á loita pola igualdade das mulleres LBT co lema **‘2020, Mulleres LTB: Sororidade e Feminismo’**, e dende o Concello de Santiago queremos sumarnos a esta reivindicación dado que dentro do colectivo LGTBIA as mulleres están a ser as grandes invisibilizadas e nalgúns casos ata esquecidas. Nomeadamente, as mulleres transexuais son presas dunha dobre discriminación e desigualdade, por seren mulleres e trans, e atopan especiais dificultades á hora de incorporarse ao mercado laboral.

Non debemos permitir que se borre da memoria histórica do activismo LGTBIA a todas esas mulleres Lesbianas, Transexuais e Bisexuais que durante tanto tempo loitaron man a man cos seus compañeiros para conseguir unha sociedade na que todas as persoas tiveran dereitos e igualdade real. Non podemos esquecer a todas aquelas que foron perseguidas e represaliadas por iso, todas esas Elisás e Marcelas das que hoxe podemos sentir orgullo. Porque a loita LGTBIA non é máis que a loita pola consecución de



dereitos plenos para todas as persoas, sen discriminación; a loita polo dereito a que cada persoa poida vivir a súa vida como desexa, sen etiquetas nin impedimentos.

Por todo isto, faise preciso traballar na nova realidade que chegou coa pandemia en aras de construír unha sociedade máis libre e igualitaria, que destrúa os estereotipos que acompañan ás persoas LGTBIA. Debemos facer transversal unha cultura da diversidade, que asuma que a identidade e a orientación sexual non poden ser obxecto de discusión, estigmatización ou sinalización.

Así mesmo, cómpre reconsiderar o sistema normativo a fin de darlle pleno cumprimento ao mandato constitucional de igualdade, proscribindo toda discriminación por razón de xéneros, e por iso faise necesario actualizar, entre outras, a Lei pola Igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e considerar unha Lei Trans Galega.”

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA A PEONALIZACIÓN DA PRAZA DE MAZARELOS.

Con data 15 de xuño do corrente ano e número de rexistro 169, presentase a proposición do epígrafe que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de humanizar a Praza de Mazarelos e suprimir o tráfico rodado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A crise da Covid-19 vén evidenciando a urxencia de apostar por un novo modelo urbano, que recupere para as persoas o espazo agora invadido polos vehículos privados.

Desta necesidade vénse falando xa nos últimos anos, e de feito ese é un dos aspectos centrais do Pacto Local pola Mobilidade, aprobado durante o pasado mandato. Tamén durante o Goberno de Compostela Aberta, o Concello impulsou a peonalización da rúa de San Pedro, sobre a que se viña falando desde hai 15 anos, e a peonalización branda da avenida de Xoán XXIII, onde nos anos previos se procuraran diferentes e fracasadas solucións para mellorar a convivencia entre os peóns e os vehículos. Malia os debates suscitados nos dous casos, demostrouse que as consecuencias negativas das que alertaban os sectores máis reacios ás peonalizacións non se produciron.

Desde o inicio da pandemia da Covid-19, o Goberno local puxo en marcha diferentes experiencias de peonalizacións puntuais no Ensanche e, segundo os balances feitos polo propio alcalde, esas experiencias foron en todos os casos positivas.



Con estes antecedentes, o grupo municipal de Compostela Aberta considera que é o momento de dar un paso máis na recuperación das rúas para as persoas, con medidas que se poden implementar de xeito doado mesmo antes de ter aprobado o Plan de Mobilidade Urbana Sostible que o Goberno local vén de sacar a licitación. Unha desas medidas é a peonalización da Praza de Mazarelos, xa contemplada no PMUS vixente e sobre a que o anterior Goberno de Compostela Aberta xa realizara estudos previos. Neste punto da zona histórica resulta especialmente complicada a convivencia entre as persoas e os vehículos, non só pola circulación senón tamén polas prazas de aparcamento existentes neste ámbito. De feito, a maioría dos vehículos privados que circulan por este ámbito fano procurando unha praza de aparcamento.

No pasado mes de novembro, o concelleiro de Mobilidade, Gonzalo Muíños, anunciou que o Goberno local estaba barallando a posibilidade de peonalizar a Praza de Mazarelos, limitando a circulación a residentes e mercadorías. Este anuncio foi ben recibido polos colectivos veciñais da zona histórica, mais finalmente a medida non chegou a executarse.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, SOLICITA:

Que se implemente a peonalización da Praza de Mazarelos, limitando a circulación a residentes e a transporte de mercancías, suprimindo tamén as prazas de aparcamento existentes neste ámbito.”

Á devandita proposición presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular, co seguinte contido:

“Que por parte do goberno se tome en consideración a peonalización da Praza de Mazarelos para limitar a circulación a residentes e a transportes de mercadorías e suprimir as prazas de aparcamento existentes nese ámbito, realizando un estudo previo da afectación desta medida que identifique e pondere os problemas de servizo e de mobilidade que traería consigo a súa implantación, e consequentemente valore a oportunidade da mesma.”

Despois de ser aceptada a emenda presentada, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do BNG e do Partido Popular (5 CA, 2 BNG e 8 PP) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE, acorda que por parte do goberno se tome en consideración a peonalización da Praza de Mazarelos para limitar a circulación a residentes e a transportes de mercadorías e suprimir as prazas de aparcamento existentes nese ámbito, realizando un estudo previo da afectación desta medida que identifique e pondere os problemas de servizo e de mobilidade que traería consigo a súa implantación, e consequentemente valore a oportunidade da mesma.



10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA TRANSPARENTAR, OBXECTIVAR E RACIONALIZAR A CONTRATACIÓN PÚBLICA.

A proposición do epígrafe foi presentada con data 15 de xuño do corrente ano e número de rexistro 170, cuxo contido se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é necesario incidir sobre a importancia de transparentar, obxectivar e racionalizar a contratación pública, uns fins aos que na vida municipal poden contribuír lealmente os grupos da denominada oposición municipal.

Un modo de contribuír á consecución dos citados obxectivos é a través da súa participación nas Mesas de contratación, participación que foi posible durante anos en Santiago sen que iso fose causa para a polémica nin para o atraso das adxudicacións. Certamente, a nova Lei de Contratos do Sector Público veu a dificultar algo esa participación ao establecer que “os membros electos que, no seu caso, formen parte dunha Mesa de contratación, non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma”. Consonte a esa fórmula, a participación como membros da Mesa dun representante de cada grupo municipal esixiría multiplicar o número de funcionarios presentes. No entanto, cabe a posibilidade de establecer de modo obxectivo unha participación rotatoria dos grupos conforme a proporcionalidade dos mesmos, participación rotatoria coa que se acadaría unha maior transparencia na fase de valoración de ofertas.

Non obstante, os grupos da oposición teñen o dereito e ata o obriga democrática de coñecer e valorar os expedientes de contratación desde o seu inicio, a fin de non atoparse repentinamente cun procedemento de licitación xa aberto e irreversible. Así pois, coa finalidade de que poidan valorar a contratación pública nunha fase anterior á de adxudicación, resulta fundamental que poidan coñecer os estudos económicos que se realicen para a determinación do orzamento base de licitación e, xa que logo, as actuacións que se pretendan contratar.

Aínda que o Regulamento Orgánico Municipal permite ter acceso nun tempo máximo de cinco días aos expedientes de contratación onde se deberían atopar eses estudos, o certo é que non se están a facilitar esas peticións de acceso e, por outra banda, os grupos da oposición non poden saber de antemán en que momento os estudos económicos se incorporan ao expediente, o que lles obrigaría a facer reiteradas peticións de acceso ata dar con eles. A mesma situación concorre no que se refire ao posible acceso aos pregos de condicións.



Remediar estas dificultades de acceso a unha documentación imprescindible para realizar un lexítimo labor de control pasa porque, de oficio, os propios centros xestores remitan a dita documentación aos grupos municipais con suficiente antelación respecto ao inicio da fase de presentación de ofertas.

E por último, a transparencia, a obxectividade e a racionalidade na contratación pública pasa porque as prestacións cun carácter similar, reiterado e previsible deixen de tramitarse como contratos menores, para tramitarse consonte a procedementos de maior concorrência.

En atención ao exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno local a:

Primeiro.- Asegurar, consonte a un procedemento obxectivo, proporcional e rotatorio a presenza nas Mesas de contratación dos grupos políticos que manifesten con carácter xeral a súa vontade de participar nelas.

Segundo.- Que os centros xestores remitan aos grupos municipais os estudos económicos que se elaboren para determinar os orzamentos bases de licitación en canto dispoñan deles.

Terceiro.- De non existir obxección de legalidade, que os centros xestores remitan aos portavoces dos grupos municipais os pregos de condicións con, cando menos, quince días de antelación respecto da súa aprobación na Xunta de Goberno.

Cuarto.- Que a Concellería de Facenda e Contratación identifique aqueles contratos de prestacións similares, reiterados e previsibles, que ata o de agora se tramitaban como contratos menores e que resultan susceptibles de seren tramitados a través de procedementos que garantan una maior concorrência competitiva.”

O punto número 1 de citada proposición foi transaccionado por un texto conxunto asinado polo portavoz do grupo municipal Popular e portavoz do BNG.

Xa que logo, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación, por 15 votos favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do BNG e de CA (8 PP, 2 BNG e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

Primeiro.- Asegurar, con voz e sen voto, a presenza dos grupos políticos nas mesas de contratación que manifesten, con carácter xeral, a súa vontade de participar nelas; ou, no caso de non resultar legalmente posible o anterior, asegurar, consonte a un



procedemento obxectivo, proporcional e rotatorio a presenza nas mesas de contratación dos grupos políticos que manifesten con carácter xeral a súa vontade de participar nelas.

Segundo.- Que os centros xestores remitan aos grupos municipais os estudos económicos que se elaboren para determinar os orzamentos bases de licitación en canto dispoñan deles.

Terceiro.- De non existir obxección de legalidade, que os centros xestores remitan aos portavoces dos grupos municipais os pregos de condicións con, cando menos, quince días de antelación respecto da súa aprobación na Xunta de Goberno.

Cuarto.- Que a Concellería de Facenda e Contratación identifique aqueles contratos de prestacións similares, reiterados e previsibles, que ata o de agora se tramitaban como contratos menores e que resultan susceptibles de seren tramitados a través de procedementos que garantan una maior concorrência competitiva.

11. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A CREACIÓN DE PRAZAS DE APARCAMENTO EXPRÉS GRATUÍTO NA ZONA HORA.

Con data 15 de xuño do corrente ano e número de rexistro 171, presentouse a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de varias semanas mantendo a exención do pagamento para aparcarse nas zonas afectadas pola ordenanza reguladora do aparcamento (ORA), agás no contorno da Praza de Abastos, o Goberno municipal decidiu recuperar esta obriga en todas as rúas da cidade, coa excepción das áreas de estacionamento do Campus Sur, Pontepedriña e Conxo. Aínda que a medida se foi adiando, coa xustificación de que o nivel de ocupación das prazas non esixía o cobro para garantir a rotación, finalmente a decisión de recuperar o cobro levouse a cabo, a pesar do compromiso do Goberno de manter a gratuidade mentres durara o estado de alarma e de que continúan os importantes condicionantes sociais e económicos que está a provocar a crise sanitaria actual.

Con independencia de que o debate se a ORA debe ser de pago é unha cuestión pendente de resolver, que haberá que abordar no marco dun debate máis amplo sobre a equidade fiscal, o certo é que na situación actual cómpre activar medidas urxentes que axuden a reactivación económica, en especial do pequeno e mediano comercio, entre elas a facilidade para o aparcamento en superficie no contorno máis inmediato dos establecementos, con independencia de que se poidan articular vantaxes para a utilización de estacionamentos subterráneos de forma complementaria.



Con este fin, desde o Grupo Municipal propoñemos a implantación dun determinado número de prazas gratuítas exprés nas rúas onde o aparcamento estea gravado pola ORA. Estas zonas facilitaríanlle o estacionamento ao conxunto da cidadanía por un tempo máximo de 15 ou 20 minutos, co que a medida actuaría tamén como unha das formas para garantir a rotación sen ter que recorrer ao cobro.

Esta reserva, que viría facilitada por unha perda asumible de ingresos e tamén pola xestión directa municipal dos servizos que neste caso actúa como unha vantaxe ao non alterar ningunha cláusula concesional, contribuiría a incrementar o número de prazas gratuítas que existen xa nalgúns rúas, estendendo a mesma gratuidade a outros espazos para favorecer a realización de compras, a recollida de encargos e realizar distintas xestións nas empresas de servizos da cidade.

Tendo en conta a decisión de recuperar o cobro por aparcar, outra medida que sería de gran utilidade para o conxunto da cidadanía na situación sanitaria actual sería a promoción do uso da aplicación móbil que habilita a estancia nas prazas ORA, cuxa utilización redundaría nun incremento da hixiene e na prevención de contaxios, ao evitar a manipulación dos parquímetros situados na beira das rúas.

En atención ao exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno local a:

1. Implantar en todas as rúas onde se aplique a ORA unha oferta de prazas de aparcamento exprés e gratuítas, coa finalidade de facilitar o estacionamento ao conxunto da cidadanía por un tempo máximo de entre 15 e 20 minutos.
2. Poñer en marcha unha campaña informativa para promover o uso da aplicación móbil que habilita a estancia nas prazas ORA, contribuíndo así a incrementar a hixiene e a prevención de contaxios ao evitar a manipulación dos parquímetros.”

O grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita a votación separada por puntos, que non é aceptada polo grupo municipal Popular.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), 10 votos en contra do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 5 abstencións correspondentes ao grupo municipal de CA (10 PSdeG-PSOE e 5 CA), e ao darse empate procédese a unha segunda votación e con igual resultado, e co voto de calidade do señor alcalde queda rexeitada a devandita proposición.



12. DAR CONTA DA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚMERO 0.00 XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO E 3.24 DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

Dáse conta ao Pleno da Corporación da elevación á aprobación definitiva das ordenanzas de ingresos públicos números 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público e 3.24 da taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local, aprobadas inicialmente na sesión plenaria extraordinaria do día 24 de abril do corrente ano.

13. DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO PRESENTE ANO.

O Pleno da Corporación queda coñecedor do estado de execución do orzamento correspondente ao primeiro trimestre do presente ano.

14. DAR CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 8 DE XUÑO DE 2020 (SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS).

Dáse conta ao Pleno do acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño do corrente ano, que ten o seguinte contido:

“23.- DAR CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

B) Dase conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do informe do letrado municipal, de 29.5.20, que conta co conforme do director da Asesoría Xurídica, mediante o cal dase conta da providencia do Tribunal Supremo de data 13.5.20, no recurso de casación 8194/2019. Recorrente dona María Diéguez e outros; sendo o obxecto o plan parcial de solo urbanizable delimitado nº 16 (SUD-16) Agrá dos Campos- Aríns.

No devandito informe do letrado municipal indícase, en síntese que:

A providencia é favorable para o concello e firme.

A sección 2ª da sala do Contencioso do TSX de Galicia ditou sentenza o 27.6.19, polo que se desestimou o recurso contra o acordo plenario de 27.3.2015, polo que se aprobaba definitivamente o citado plan parcial.

Pola súa parte, o Tribunal Supremo acorda a non admisión do recurso de casación porque o mesmo está fundamentado na vulneración da Lei 9/2020 de Galicia, polo que a



competencia correspondería ao mesmo TSX que resolveu a desestimación do recurso contencioso.

Neste senso, o escrito da recorrente suplica que, de non ser admitido, o recurso sexa tramitado como recurso de casación por infracción de norma de dereito autonómico. O TSX aínda non se manifestou ao respecto.

Contra esta resolución do tribunal Supremo non cabe interpoñer recurso.

E proponse:

- 1.- Tomar coñecemento da providencia do Tribunal Supremo.
- 2.- Dar conta ao Pleno municipal, ao tratarse da impugnación dun acordo de dito órgano.
- 3.- Remitir ao servizo de Planeamento para o seu coñecemento.
- 4.- Agardar pola admisión ou non do escrito como subsidiario recurso de casación autonómico.

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros o seguinte:

- 1.- Tomar coñecemento da citada providencia do Tribunal Supremo de data 13.5.20. Recurso de casación 8194/2019.
- 2.- Dar conta ao Pleno municipal, ao tratarse da impugnación dun acordo de dito órgano.
- 3.- Remitir ao servizo de Planeamento para o seu coñecemento.
- 4.- Agardar pola admisión ou non do escrito como subsidiario recurso de casación autonómico.”

15. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 26 de febreiro ao 15 de maio de 2020 (núms. 2268-3354).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

- Acta núm. 30 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 29/04/20.
Acta núm. 31 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 30/04/20.



Acta núm. 32 correspondente á sesión ordinaria do día 04/05/20.
Acta núm. 33 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 08/05/20.
Acta núm. 34 correspondente á sesión ordinaria do día 11/05/20.
Acta núm. 35 correspondente á sesión ordinaria do día 18/05/20.
Acta núm. 36 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 22/05/20.
Acta núm. 37 correspondente á sesión ordinaria do día 25/05/20.

16. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal de CA, de data de 15 de xuño de 2020, núm. 167.
Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xuño de 2020, núm. 176.
Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xuño de 2020, núm. 177.
Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 184.
Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 185.
Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 186.

Despois da exposición dos rogos faise un receso cando son as 19:45 horas e continúaase coa sesión as 20:04 horas estando todos/as presentes, agás o señor interventor que non se reincorpora á sesión.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 181.
Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 182.
Do grupo municipal do PP, de data 16 de xuño de 2020, núm. 183.
Do grupo municipal de CA, de data 16 de xuño de 2020, núm. 187.
Do grupo municipal de CA, de data 16 de xuño de 2020, núm. 188.
Do grupo municipal de CA, de data 16 de xuño de 2020, núm. 189.
Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xuño de 2020, núm. 190.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 26 de maio de 2020, núm. 151.
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 3 de xuño de 2020, núm. 158.
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 3 de xuño de 2020, núm. 159.
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 4 de xuño de 2020, núm. 160.
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 4 de xuño de 2020, núm. 161.
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 4 de xuño de 2020, núm. 162.
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 5 de xuño de 2020, núm. 163.
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 9 de xuño de 2020, núm. 164.
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 9 de xuño de 2020, núm. 165.
Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xuño de 2020, núm. 175.



Interpelacións:

Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xuño de 2020, núm. 174.

Do grupo municipal de CA, de data 16 de xuño de 2020, núm. 191.

Auséntase do salón de sesións o concelleiro Don Martiño Noriega Sánchez, que xa non se reincorpora ao resto da sesión.

17. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

1. Rexistro de entrada do día 15 de xuño de 2020, núm. 168, presentada polo grupo municipal de CA, para iniciar o comezo da planificación das artes de rúa durante as próximas festas do Apóstolo.
2. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 172, presentada polo grupo municipal do BNG, para pór en marcha un programa integral de actividades e de conciliación.
3. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 173, presentada polo grupo municipal do BNG, para cambiar o nome da Avda. Juan Carlos I.
4. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 178, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, en apoio da competitividade e futuro dos empregos de Alcoa.
5. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 179, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio a unha iniciativa lexislativa para combater a ocupación ilegal de vivendas.
6. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2020, núm. 180, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o acondicionamento e mellora da área recreativa do refuxio e o seu acceso na ribeira do Tambre.

Os textos das mocións presentadas polos grupos políticos municipais teñen o seguinte contido:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA INICIAR O COMEZO DA PLANIFICACIÓN DAS ARTES DE RÚA DURANTE AS PRÓXIMAS FESTAS DO APOSTOLO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A arte de rúa é unha manifestación identitaria da cultura de Compostela. Nestes intres o colectivo de artistas de rúa de Santiago precisan reiniciar con forza a súa actividade. Os



protocolos para comezar a desenvolver o seu traballo funcionan xa noutros lugares do estado e son perfectamente replicables no termo municipal.

Aproveitando a posibilidade que brinda a celebración das Festas do Apostolo, desde Compostela Aberta queremos sumar unha proposta de actividade para a súa valoración e posible integración na programación festiva. Propoñemos unha programación especial de artes de rúa no Parque da Alameda, sendo este o tradicional emprazamento das atraccións e das orquestras que este ano non poderán asentarse por motivos de control sanitario.

O Parque da Alameda é un lugar da historia das festas composteláns e tamén un parque aberto á cidadanía compatible co deseño dunha programación festiva que cumpra con todas as garantías sanitarias e protocolos que conleven a distancia social necesaria para o seu desenvolvemento; por todo o antedito consideramos unha oportunidade iniciar a planificación estratéxica das artes de rúa no parque máis emblemático da cidade e durante as próximas festas do Apostolo.

Recuperamos para ter en conta un acordo plenario do 27 de febreiro deste mesmo ano do que extractamos o seguinte texto:

A continuación ten lugar o debate e posterior votación dunha moción conxunta de todos os grupos políticos municipais que substitúe a presentada por CA, co número de rexistro 92, para planificar estratexicamente as artes da rúa no Xacobeo 2021, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, organizar coas distintas áreas competentes do goberno do Concello de Santiago a planificación estratéxica das actividades culturais de rúa para preparar e despregar o seu correcto desenvolvemento nas prazas, parques e rúas da cidade durante a celebración do Ano Santo 2021, todo elo de forma coordinada co colectivo de artistas de rúa.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao órgano de goberno competente do Concello de Santiago a elaborar en colaboración cos colectivos de artistas de rúa da cidade unha programación que habite os paseos e outros lugares do Parque da Alameda con espectáculos de circo, danza e outras artes vivas durante a segunda quincena do mes de xullo.
2. Esta programación especial terá unha dimensión de celebración e posta en valor da arte de rúa como espazo identitario da cultura municipal. Durante esta actividade farase un acto de recoñecemento ó labor continuado dos colectivos de artes de rúa composteláns.

MOCIÓN PARA PÓR EN MARCHA UN PROGRAMA INTEGRAL DE ACTIVIDADES E DE CONCILIACIÓN



O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a pór en marcha un programa integral de actividades municipais extraescolares e de conciliación en todas as parroquias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, en Santiago encárganse os centros socioculturais e as ANPA de desenvolver senllos plan de actividades extraescolares e de conciliación. Mais en novembro de 2016, o Pleno da Corporación aprobou unha proposición do BNG para crear un plan integral de actividades municipais extraescolares e de conciliación que, catro anos despois, aínda non se aplicou e as ANPA teñen que seguir a programar para atender a demanda existente con formación lúdico-cultural de nenas e nenos en idade escolar.

Nesta proposta do BNG, determinábase que fose o Concello de Santiago quen sen encargase de organizar estas actividades de maneira continuada durante todo o ano e que aglutinasen desenvolvemento cultural e da lingua do noso país, fomento da expresión artística-creativa e realización de exercicio físico e saúde.

Cando remata o período lectivo, para promover o lecer e unha formación complementaria dos nenos e das nenas en igualdade de condicións, o Concello de Santiago pode ofertar un programa de conciliación descentralizado, que atenda todas as parroquias co obxectivo de incrementar a vertebración territorial. Esta oferta debe ser continuada no tempo e incluír tamén agosto, pois existe demanda xa que non todas as unidades de convivencia teñen vacacións nese mes. Actividades impartidas en galego relacionadas coa natureza, xeografía, vídeo, manualidades, ximnasia rítmica, patinaxe, baloncesto e xadrez, entre outras, poden ser algúns exemplos do que se pode ofrecer, segundo figuraba na proposta do BNG que fora aprobada.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago de Compostela a partir do curso 2020-2021 porá en marcha un plan de actividades extraescolares e de conciliación en todas as parroquias, de acordo coa comunidade educativa, durante todo o ano.
2. Mentres non se aplique e as ANPA continúen a suplir boa parte deste cometido, o Concello de Santiago de Compostela colaborará na posta a disposición dos centros e instalacións municipais para desenvolver as actividades, en labores como limpeza e desinfección dos mesmos e dará as facilidades que se requiran para a concesión de bolsas destinadas a familias con poucos recursos.



MOCIÓN PARA CAMBIAR O NOME DA AVENIDA JUAN CARLOS I

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a convocar, de urxencia, a Comisión de Condecoracións para cambiar o nome da avenida Rey Juan Carlos I.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela ten unha avenida denominada Rey Juan Carlos I, como prolongación da avenida Rosalía de Castro, pola que transcorría o denominado Camiño Novo. No Pleno do 6 de maio de 1981 aprobouse o seu cambio de designación, para substituír o nome de Martínez Anido, que fora ministro de Gobernación con Primo de Rivera e de Orde Pública con Francisco Franco.

Segundo información facilitada polo profesor e investigador Xosé Ramón López Boullón, este tramo da avenida Casas de Compostela tamén coñecido popularmente como O Pilar, tivo con anterioridade distintas denominacións: en 1968 Avenida de Martínez Anido, en 1933 Avenida da Liberdade, en 1931 Avenida de Martínez Anido, en 1908 Camiño Novo (desde a actual Juan Carlos I até a actual praza de Vigo), en 1886 Casas de Compostela e Camiño Novo, en 1796 Campo da Feira ou do Mercado Novo, en 1783 Carreira do Conde e Campo de Santa Susana e en 1595 Camiño de Pontevedra. De feito, na “Guía del peregrino y del turista. El Eco Franciscano” (1933), recoñecida como guía oficial polo Concello de Santiago e aprobada polo Cabido da Catedral, figura un plano co nome de Avenida da Liberdade.

Nos últimos anos, diversas cidades están a retirar os nomes da familia real dos viarios municipais así como as distincións outorgadas no pasado, por considerarse a monarquía como unha figura anacrónica e, cada vez, máis asociada a presuntas irregularidades económicas e delituosas derivadas do abuso dos cargos que ostentan.

Á sucesión de episodios negativos que fixeron abdicar o Rei Juan Carlos I, súmase a recente investigación que motivou que o seu fillo, o Rei Felipe VI, acordase retirarlle a asignación económica que recibía dos Orzamentos Xerais do Estado, unha cantidade de 194.232 euros brutos anuais, ademais de facer o anuncio público de renunciar á súa herdanza ante as presuntas irregularidades da procedencia do seu diñeiro.

Isto transcendeu porque a Fiscalía do Tribunal Supremo vén de abrir unha investigación sobre a posíbel intervención do Rei Emérito Juan Carlos I no cobro de comisións durante o proceso de adxudicación a empresas españolas na construción da liña de ferrocarril de Medina á Meca, en Arabia Saudí, un feito que podería ter repercusión penal ao non estar xa amparado pola inviolabilidade que lle confire o artigo 56.3 da Constitución española ao xefe do Estado por se tratar de feitos acontecidos con



posterioridade ao 19 de xuño de 2014, data da súa abdicación, e aparecer novos indicios delituosos que o implican.

A imaxe de Juan Carlos I, elixido por Francisco Franco en xullo de 1969 como o seu herdeiro a título de Rei, viuse especialmente deteriorada ao coñecerse os feitos da trama Nóos, na que el presuntamente participaba sendo aforado; o uso de fondos reservados para fins supostamente ilícitos; atribúeselle a suposta implicación en roubos de coleccións de arte; a participación en xornadas de caza de elefantes en Botswana; vinculacións de negocios irregulares coa oligarquía saudita e con Corinna Larssen, á que mesmo nos Orzamentos Xerais do Estado consignaron unha partida para o seu aloxamento nunha vivenda situada perto da Zarzuela. Deste xeito, dise que o Rei Juan Carlos I abdicou para preservar a monarquía e así conseguiu preservar o título de Rei Emérito e parte do seu aforamento no Tribunal Supremo español.

Mais na actualidade a Fiscalía está a investigar indicios de delitos coa presunta implicación do Rei Emérito relacionados co branqueo de capitais, cobros de comisións e fraude fiscal; cuestións que, xunto cos motivos que o levaron a abdicar, non o fan digno de facer parte do rueiro compostelán.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

A Corporación municipal propón convocar a Comisión de Condecoracións para cambiar o nome da Avenida Juan Carlos I e estudar o conxunto de nomes de rúas na zona para a súa nova designación co contraste da Asociación Galega de Onomástica e de especialistas en toponimia.

MOCIÓN DE URXENCIA A PROL DO RESPECTO POLOS SENTIMENTOS E CRENZAS RELIXIOSAS, CON MOTIVO DO ATAQUE SUFRIDO POLA CAPELA DA USC

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela é unha cidade fortemente vinculada na súa orixe e evolución ao feito relixioso, cunha pegada que, a pesar do desexable proceso secularizador e aconfesional das últimas décadas, continúa a ter un peso moi evidente, tanto entre a maioría da poboación local como no gran número de persoas que cada ano nos visitan.

Ese carácter relixioso que está no ADN da cidade fai que, a pesar das diferentes sensibilidades e crenzas, haxa na inmensa maioría da veciñanza un respecto polas



mostras nas que ese carácter se manifesta, ben sexa no plano material –co innumerable patrimonio histórico e cultural disperso por rúas, barrios e parroquias- ou no plano inmaterial das celebracións e costumes enraizados na nosa tradición cultural.

Unha excepción a ese sentimento de respecto produciuse o pasado día 12 de xuño, cando varias persoas forzaron a entrada da Capela da Universidade no Campus Sur, provocando numerosos destrozos que non só afectaron ao mobiliario senón tamén a elementos centrais de gran simbolismo, sobre os que se asenta a crenza relixiosa que nese templo se manifesta.

Polo respecto debido a todas as crenzas relixiosas, polo respecto ao pluralismo nunha sociedade democrática, e para poñer de manifesto a condena da Corporación Municipal a este tipo de actos que atentan contra o patrimonio e os sentimentos da poboación, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte

ACORDO

A Corporación Municipal do Concello de Santiago manifesta o seu respecto polos sentimentos e as crenzas relixiosas, calquera que estas sexan, e, en consecuencia, mostra o seu pesar e a súa condena polos actos acontecidos na Capela Universitaria o pasado día 12 de xuño.

MOCIÓN PARA O APOIO A UNHA INICIATIVA LEXISLATIVA PARA COMBATER A OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crecente e alarmante situación de indefensión que se está a xerar pola ocupación ilegal de vivendas e a necesidade de garantir o dereito á propiedade, a seguridade de persoas e bens e a convivencia social, precisa -tal e como se ten posto de manifesto e como de forma reiterada desde o Partido Popular viñemos proponendo- da adopción dunha iniciativa lexislativa a nivel estatal que permita, entre outras medidas, o desaloxo por parte da Policía da vivenda ocupada ilegalmente nun prazo de horas, sen necesidade de esperar varios meses como ata o de agora e un reforzo do delito de usurpación que disuada estes ataques contra a propiedade.

Fronte á pasividade e ata permisividade que se vén manifestando nalgúns ámbitos, a aprobación dunha iniciativa nesta dirección podería evitaría situacións como as que se teñen rexistrado, por exemplo, na nosa propia cidade nos últimos tempos, en distintas vivendas na rúa dos Roláns, no barrio de Pontepedriña, en Belvís, no contorno dos barrios do Carme e de San Lourenzo, na Costa do Cruceiro do Gaio, na Algalia de



Arriba ... ou a máis inmediata ocupación doutras dúas vivendas novamente na rúa de Belvís.

O Concello de Santiago dedicouse durante o pasado mandato a transixir e mesmo “aplaudir” unha usurpación da propiedade que non é xustificable en ningún caso.

Como se ten sinalado ao respecto, cando hai unha ocupación ilegal adoita haber un acto delituoso. Non pode ser que unhas supostas políticas de cambio se baseen en considerar a ocupación ilegal como unha situación tolerable ou admisible.

Aínda que, certamente, na última década acurtáronse substancialmente os prazos xudiciais para o desaloxo de vivendas, o problema da ocupación xera alarma na nosa sociedade e o número de vivendas okupadas non deixa de aumentar. Ademais, o fenómeno xerou con frecuencia a instauración de mafias da ocupación e a utilización de moitos destes inmobles para actividades delituosas.

Faise precisa unha iniciativa lexislativa que aborde, de forma clara, a ocupación ilegal e impedir que os okupas se intenten amparar en regañas legais ou en dereitos que lle asisten ao cidadán que actúa legalmente, para cometer ese atentado contra a propiedade privada. Con ese fin, debería permitirse que as autoridades públicas e os seus axentes interveñan dentro do espazo ocupado para proceder ao desaloxo. De forma que a autoridade pública puidera desaloxar as vivendas ocupadas ilegalmente nun prazo de horas.

Así mesmo, deberían reforzarse as penas asociadas aos delitos de usurpación, para endurecelas e promover a axilización do proceso penal para xulgar este tipo de delincuencia.

Tamén sería conveniente a ampliación da reforma dos procesos civís, aprobada en xuño de 2018, para que as persoas xurídicas propietarias de vivendas poidan exercer o seu dereito coa mesma axilidade que as persoas físicas á hora de recuperar a posesión das súas casas.

A nova normativa, debería facultar tamén ás comunidades de propietarios, cando os ocupantes ilegais realicen actividades prohibidas ou molestas ou incívicas, para garantir a correcta convivencia veciñal. Ademais de considerar nula a inscrición no padrón municipal cando a persoa inscrita sexa un okupa ilegal -contrariamente ao que se mantén na resolución do 29 de abril de 2020, onde se achegan instrucións técnicas aos concellos na xestión do padrón municipal-, para o que sería necesario modificar a Lei de Bases de Réxime local.

A iniciativa que se propón para modificar a lexislación vixente neste senso, non suporía a regulación dos desafiuzamentos hipotecarios nin de arrendamento nin tería como obxectivo regular os coñecidos como “precarios”, e debería recoller de forma clara que a nova normativa non ten que ver coa que se ten aprobado para a salvagarda das persoas



en situacións de emerxencia social ou especial vulnerabilidade habitacional que teñen a súa protección definida noutras normas xa vixentes.

Polas indubidables vantaxes sociais que esta iniciativa conlevaría, o Grupo Municipal Popular eleva ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de

ACORDO:

1. Demandar do Goberno da Nación e dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados, o impulso dunha iniciativa legislativa contra a ocupación ilegal, para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, sen menoscabo da salvagarda das persoas en situación de emerxencia social ou especial vulnerabilidade habitacional, conforme ao disposto noutras normas vixentes.
2. Reclamar das forzas políticas con representación parlamentaria que, chegado o caso, dean a súa aprobación a esta iniciativa normativa “antiokupa”, por ser de interese xeral e necesaria para corrixir un grave problema social e de convivencia xerado por mor destas actividades contrarias ao dereito da propiedade e a seguridade das persoas e cousas.
3. Dar traslado destes acordos ao Goberno da Nación e ás portavocías parlamentarias dos grupos con representación no Congreso e no Senado. Así como á Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias e a á Xunta de Galicia.

MOCIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ÁREA RECREATIVA DO REFUXIO E O SEU ACCESO, NA RIBEIRA DO TAMBRE.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área recreativa do Refuxio, á que se accede desde Sigüeiro e a parroquia compostelá da Barciela, é unha gran descoñecida para gran parte da poboación non só do noso concello, senón do conxunto da área de Santiago. O descoñecemento é tal que nin figura mencionada no Plan Director de zonas verdes e espazos públicos do Concello de Santiago que foi dado a coñecer en 2016, a pesar de ser un dos puntos principais no río Tambre, un itinerario incluído na Rede Natura como Lugar de Interese Comunitario polos seus especiais valores ambientais e patrimoniais.

Esta área recreativa está situada nunha fermosa insua, á que se accede a través de dúas estreitas pontes que a comunican cos concellos de Oroso e Santiago.



Aínda que o mellor acceso e con mellor sinalización sexa o que conecta co concello de Oroso, pola banda do concello compostelán sería necesario facer un acondicionamento da pista existente e instalar uns indicadores que facilitaran a súa localización. O lugar, próximo a unha gran tosta e cunhas condicións naturais moi axeitadas para o baño, dispón de varios puntos para cociñar á grella, unha fonte, mesas e bancos para uso público. Aínda que estes elementos estean na actualidade nun estado aceptable, precisarían dalgún retoque. E sería preciso arranxar os puntos de conexión das pontes que dificultan a desexable accesibilidade para persoas con problemas de mobilidade e tamén as propias pontes que a día de hoxe incumpren a normativa de seguridade para este tipo de elementos.

A conservación e mantemento deste lugar non pode limitarse exclusivamente á corta da herba cada ano, senón que debe estenderse a outros elementos que co paso do tempo demandan unha maior atención. Sería necesario levar a cabo unha actuación branda, respectuosa cos valores naturais da contorna, para regularizar o solo –na illa existen marcados desniveis e mesmo algunha burata de grandes dimensións- e tamén se podería contemplar a posibilidade de facer unha achega de pelouros na zona de praia para ampliar e mellorar o acceso á auga (aínda que por causa das enchentes fora necesario repoñela cada ano, como acontece coa area que se emprega en praias urbanas). A maiores, tamén faría falta recuperar o pasal con bloques de cantería que conecta a illa coa caseta instalada para o persoal de socorrismo que nos últimos anos presta servizo no verán, financiado pola Xunta de Galicia.

Por último, despois de acometer as melloras necesarias, propónse articular algunha iniciativa para dar a coñecer e poñer en valor esta paraxe, a través dunhas xornadas de actividades nas súas ribeiras ou itinerarios ciclistas ou peonís, así como unha mellora na sinalización específica -tal e como se comentou- que facilite o acceso.

En definitiva, non se trata de acometer ningunha gran actuación, senón de realizar unhas melloras concretas, perfectamente asumibles, para complementar e potenciar o valor ambiental deste enclave, para goce da veciñanza dos dous concellos que desde sempre manteñen unha estreita vinculación que é preciso conservar e, se cabe, reforzar.

É por iso que esta iniciativa propón unha liña de colaboración entre as dúas administracións locais directamente vinculadas con esta área natural para acceder ás axudas que para este fin convocan, tanto a Xunta de Galicia como a Deputación da Coruña, entidades que adoitan primar as accións de cooperación á hora da súa concesión.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:



1. Levar a cabo traballos de conservación, mellora e mantemento na área recreativa da illa do Refuxio, no curso do río Tambre, axeitándoa para o baño e o lecer.
2. Dirixirse ao concello de Oroso para, de forma conxunta, solicitar da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia a súa colaboración económica para afrontar as actuacións precisas que permitan o goce público de forma cómoda e segura, coa salvagarda da protección ambiental do lugar.
3. Planificar unha mellora da sinalización e difusión desta área natural, e estudar a posibilidade de celebrar distintas actividades que teñan como centro as dúas ribeiras do Tambre para difundir o coñecemento e valoración deste singular enclave natural.

En relación ás mocións presentadas polos grupos políticos municipais, o Pleno da Corporación adoptou, os seguintes acordos:

Con relación á moción presentada polo grupo municipal de CA, co número de rexistro núm. 168, para iniciar o comezo da planificación das artes escénicas de rúa durante as festas do Apóstolo, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (4 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular acorda:

1. Instar ao órgano de goberno competente do concello a elaborar en colaboración cos colectivos de artistas de rúa da cidade unha programación que habite os paseos e outros lugares do Parque da Alameda con espectáculos de circo, danza e outras artes vivas durante a segunda quincena do mes de xullo.
2. Esta programación especial terá unha dimensión de celebración e posta en valor da arte de rúa como espazo identitario da cultura municipal. Durante esta actividade farase un acto de recoñecemento ao labor continuado dos colectivos de artes de rúa composteláns.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG, co número de rexistro núm. 172, para por en marcha un programa integral de actividades e conciliación e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (4 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular acorda:

1. Que o concello a partir do curso 2020-2021 porá en marcha un plan de actividades extraescolares e de conciliación en todas as parroquias, de acordo coa comunidade educativa, durante todo o ano.



2. Mentres non se aplique e as ANPA continúen a suplir boa parte deste cometido, o concello colaborará na posta a disposición dos centros e instalacións municipais para desenvolver as actividades, en labores como limpeza e desinfección dos mesmos e dará as facilidades que se requiran para a concesión de bolsas destinadas a familias con poucos recursos.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG, co número de rexistro 173, para cambiar o nome a Avda. Juan Carlos I, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais de CA e do BNG (4 CA e 2 BNG), e 18 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (8 PP e 10 PSdeG-PSOE), polo que resulta rexeitada a devandita moción.

Con respecto á moción de urxencia presentada polo grupo municipal do Partido Popular co número de rexistro 194, a prol do respecto polos sentimentos e crenzas relixiosas, con motivo do ataque sufrido polo capela da USC, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda manifestar o seu respecto polos sentimentos e as crenzas relixiosas, calquera que estas sexan, e, en consecuencia, mostra o seu pesar e a súa condena polos actos acontecidos na Capela Universitaria o pasado día 12 de xuño.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular co número de rexistro 179, relativa ao apoio a unha iniciativa lexislativa para combater a ocupación ilegal de vivendas, e despois de ser transaccionado o texto de acordo polos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (4 CA e 2 BNG), acorda:

1. Demandar ao goberno da nación e aos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados ao impulso e aprobación dunha iniciativa lexislativa que serva para garantir a defensa eficaz, e en prazo razoable, dos dereitos á posesión dos lexítimos moradores e dos titulares da propiedade fronte á ocupación ilegal das súas vivendas, sen menoscabo da salvagarda do dereito a unha vivenda digna das persoas en situación de emerxencia social ou especial vulnerabilidade habitacional, conforme ao establecido na Constitución e noutras normas xurídicas.

2. Dar traslado deste acordo ao goberno da nación e ás portavocías parlamentarias dos grupos con representación no Congreso e no Senado. Así como a Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias e á Xunta de Galicia.

A última moción tratada é a presentada polo grupo municipal do Partido Popular con número de rexistro 180, para o acondicionamento e mellora da área recreativa do



refuxio e o seu acceso, na ribeira do Tambre, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1. Levar a cabo traballos de conservación, mellora e mantemento na área recreativa da illa do Refuxio, no curso do río Tambre, axeitándoa para o baño e o lecer.
2. Dirixirse ao concello de Oroso para, de forma conxunta, solicitar da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia a súa colaboración económica para afrontar as actuacións precisas que permitan o goce público de forma cómoda e segura, coa salvagarda da protección ambiental do lugar.
3. Planificar unha mellora da sinalización e difusión desta área natural, e estudar a posibilidade de celebrar distintas actividades que teñan como centro as dúas ribeiras do Tambre para difundir o coñecemento e valoración deste singular enclave natural.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 22:55 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

Asdo: José Ramón Alonso Fernández